

ROCÍO

Fernando Ruíz Vergara, 1980

1597

ESTREA EN NUMAX: 22.09.2025 | V.O. | 80 min

Histórico documental que analiza as bases económicas da Romaría do Rocío, desde a veracidade da aparición mariana, ao clasismo das irmandades ou á represión exercida en 1936 polos partidarios dos sublevados en Almonte. A súa crítica explícita fixo dela a primeira película española secuestrada xudicialmente en democracia e que a día de hoxe segue vixente a censura de parte da metraxa.



A primeira película secuestrada en España tras o Franquismo

Por Concha Barquero

Rocío é unha película cernada, desaparecida e esquecida. Un retrato combativo e desmitificador da famosa romaría onubense, asinado por Fernando Ruiz Vergara como realizador e por Ana Vila como produtora e guionista, que pasou á historia como a primeira película secuestrada xudicialmente en España tras a derogación da censura cinematográfica en 1977. A día de hoxe, continúa censurada pola sentenza vixente do Tribunal Supremo de 1984 que condenaba ao seu autor por delitos de injurias á figura de José M^a Reales, fundador da Irmandade do Rocío de Xerez, a quen a película apuntaba como promotor da brutal represión na vila durante a Guerra Civil.

A primeira vez que me topei con *Rocío* foi a través de Internet. A copia que circula na rede corresponde á versión que TVE2 emitiu en setembro de 1990. Nela os fragmentos prohibidos foron eliminados, pero non hai rastro das tesoiras, a película presenta un aparente aspecto de continuidade e indemnidade. A segunda ocasión puiden ver *Rocío* como o seu realizador decidiu que permanecese: os baleiros deixados pola censura daban paso a unhas cartelas aclaratorias que, coa mesma duración dos planos omitidos, informaban o espectador da decisión xudicial que explicaba a mutilación. A terceira e definitiva oportunidade veu da man do propio director, foi el quen me facilitou unha copia sen amputacións, salvada do naufraxio dos tribunais. As tres copias levan as marcas do seu proceso. Cada unha reflicte un momento histórico da película, dando detalles sobre a sociedade postfranquista en que naceu e que a acolleu para acabar sancionándoa en tempo récord.

Rocío parte dunha sólida vontade de desmontar ideolóxica e formalmente os mecanismos que sosteñen a que segue sendo a peregrinación mariana máis multitudinaria da Península Ibérica. Un proxecto que Ruiz Vergara leva a cabo desvelando as argucias propagandísticas do poder político e clerical baixo unha proposta formal fragmentaria. Nunha secuencia memorable a figura dunha Virxe vese desposuída aos poucos dos seus atributos para terminar mostrando a verdade máis oculta pola Igrexa, a intencionada e secreta mutilación das tallas destinadas só a dar corpo ao luxo das vestimentas barrocas. *Rocío* convértese así en documento e fonte ao mesmo tempo, e na película pioneira da recuperación da memoria histórica en Andalucía, dobremente valente por alzarse tras corenta anos de silencio forzoso.

Rocío é basta e intuitiva, non renuncia á poderosa atracción das imaxes que xera a romaría pero sen caer na fascinación hipnótica, tantas veces proxectada, que encerra o fenómeno. Se algo define a *Rocío* é xustamente a súa carnalidade, a súa transparencia, dirixida sen andrómenas a confirmar a súa tese: recoller unha visión laica da romaría. A película e o seu director encarnan unha rara avis, unha voz discordante coa imaxe oficial de Andalucía que aínda hoxe segue resultando abafadora. Dous anos antes, en 1978, o malagueño Carlos Taillefer fixera co seu documental *Por la gracia de Dios*, unha incómoda e tamén esquecida radiografía da Semana Santa de Málaga coas costuras do triángulo igrexa-poder-exército ao descuberto.

A prensa conservadora do momento tachou *Rocío* de panfletaria, pero o certo é que este documental é o audaz resultado da procura do seu autor dunha xustiza concreta, sen panos quentes. Máis aló do carácter expositivo da súa narración, *Rocío* é un exercicio de reivindicación desde o “eu” máis absoluto, o de Fernando Ruiz Vergara sinalando a súa forma de estar no mundo.